



**CIRCULAR 18. 20 MAIO
CURSO 2019-2020**

FONDO SOLIDARIO-AXUDAS MATERIAL ESCOLAR **CURSO 2020-2021- 3º, 4º,5º E 6º DE PRIMARIA CURSO 20-21**

Orde do 12 de maio pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinado a alumnos de primaria, (DOG nº 96- martes 19 de maio de 2020):

- Fondo Solidario (3º, 4º, 5º e 6º Primaria) 2020/2021. (**PODEN OPTAR TODAS AS FAMILIAS INDEPENDENTEMENTE DA RENDA** e recibirán libros dependendo das existencias)
- Axudas Material Escolar (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) 2020/2021

Fondo Solidario (3º,4º,5º e 6º Primaria) 2020/2021

O Fondo Solidario está formado por:

- Todos os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2019/20 que o alumnado **ten a obriga de devolver ao seu titor ou titora. (Enviarase circular informativa coas datas de devolución e o proceso que se seguirá para facelo)**
A falta de devolución dos libros ou o mal estado dos mesmos é causa de exclusión do fondo solidario de libros de texto e das convocatorias de axudas.
- Os libros de texto vixentes e útiles voluntariamente cedidos ao fondo polas familias que o desexen.

Presentación de solicitudes Fondo Solidario-Axudas libros-Material Escolar:

Na convocatoria actual os cidadáns poderán presentar a solicitude preferiblemente accedendo á aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán **gardala**, obtendo así un número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- **Presentación no centro:** Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentarnos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación).
O horario de atención ao público será de **09:30 a 13:30**. Por cuestións de seguridade sanitaria, concerten cita previa por teléfono no **986 85 17 80**. Para a ocasión, vir con **máscara**, a ser posible.
- **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** Achegando coa solicitude a documentación escaneada. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma electrónica admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia incluíndo o sistema de usuario e a chave 365.
- En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Documentación para o Fondo Solidario e Material Escolar.

♦ **Solicitude única para todos os fillos ou fillas matriculados no mesmo centro docente** que se presentará no centro asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado e do resto dos membros da unidade familiar computables para os efectos de renda, que sexan maiores de idade.

Xunto coa solicitude presentárase **orixinal e copia** da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. Toda a documentación terá que reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro de 2018**.

- a) Identidade. Achegará copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, **cando non autoricen a consulta telemática**.
- b) Membros computables da unidade familiar. Achegará libro de familia onde figuren todos os membros computables.
No caso de non ter libro de familia ou que este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018 poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente no concello onde resida a familia.
 - Certificado de defunción.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde, achegarase certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou certificado dos servizos sociais que acredite a situación familiar.

- c) Grao de discapacidade. Achegará o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia que **só presentará se non autoriza** expresamente a súa verificación.
 - O grao de discapacidade igual ao 33% tamén se poderá acreditar coa resolución do INSS de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou coa resolución de recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, **cando non autorice a consulta telemática**.
- d) Renda familiar. Achegará copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2018, **cando non autorice a consulta telemática**.
- e) Violencia de xénero. Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



- f) Incapacidade xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

RENDA PER CÁPITA.

É o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio 2018** entre o número de membros computables (computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente a clases pasivas).

Base impositible xeral, recadro 435, máis base impositible do aforro, recadro 460.

Cando non presentase declaración sumaranse os ingresos netos obtidos durante **o ano 2018**.

RESUMO DAS AXUDAS

FONDO SOLIDARIO	Niveis: 3º, 4º, 5º e 6º de EP	
	SOLICITANTES: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per capita da unidade familiar.	
	AXUDA: acceso aos libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro, por orde inversa á renda per cápita	
	GARANTÍA:	6 libros de texto (renda per capita igual ou inferior a 6.000€) 4 libros de texto (renda per capita igual ou inferior a 10.000€)
AXUDAS PARA MATERIAL	Niveis: EP	
	SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda per capita igual ou inferior a 6.000€	
	IMPORTE DA AXUDA: 50€	

CALENDARIO FONDO LIBROS- AXUDAS LIBROS E MATERIAL ESCOLAR:

- Presentación de instancia: do 20 de maio ao 19 de xuño, ámbolos dous inclusive
- Listaxe provisional : 8 de xullo.
- Reclamacións : 09 e 10 de xullo.
- Listaxe definitiva: 20 de xullo.
- Entrega de libros: En setembro: 3º,4º,5º e 6º
- Entrega de cheque axudas libros e material escolar: **Enviarse circular informativa coas datas de entrega e o proceso que se seguirá para facelo.**

Pontevedra a 19 de maio de 2020

A Directora

Mª Aurora Cañizares Malagón